

### Mesa Sectorial de 8 de marzo de 2012

#### Orde de prazas sometidas a convenio.

Desde a CIG-Ensino solicitamos que cando se traia unha convocatoria destas características se nos faga chegar a totalidade das prazas que están nesta situación, porque é a maneira como nós podemos contrastar a situación destas prazas. Pedimos saber cantas comisións de servizos existen e en que momento están, é unha necesidade para sabermos se todas as prazas que teñen que saír están recollidas.

Para a CIG-Ensino hai prazas que non entendemos que estean en convenio, algunhas porque son con entidades que teñen posibilidades económicas. Por outro lado, hai algúns requisitos que non acertamos a saber por que se poñen ou por que non se pon ningún.

#### Sobre o articulado e o baremo:

- Artigo 4: o proxecto de traballo debe presentarse en galego
- Artigo 5.1. Comisión de selección: a comisión debe ter unha composición máis técnica e ser a sorteo.
- Artigo 6. Desempate: para desempatar deben aplicarse a maior puntuación nos apartados 1, antigüidade, 2, formación e 3, méritos académicos, por esta orde.
- A entrevista non ten obxecto, debe suprimirse e en ningún caso debe ser eliminatoria.
- proxecto non debe ser eliminatorio.
- A antigüidade debe incrementarse a 10 puntos, especialmente cando non tedes en conta a nosa proposta de que o proxecto non sexa eliminatorio, se se pasa o filtro do proxecto logo debería primar a antigüidade.
- Respecto das titulacións, hai que comezar recoller os títulos de ciclos superiores, Conservatorios, etc...

#### Alegacións ás prazas:

1. **Convenio coa Once:** non ten obxecto. A Once é unha entidade con solvencia para que se necesita un profesor que o pague dos seus orzamentos e poña a traballar a alguén neste momento.
2. **Convenio coa Fundación Preescolar na casa:** este proxecto está en perigo porque o está desmantelando a propia administración, neste momento hai 11 persoas despedidas. A CIG-Ensino reivindica que hai que revitalizalo e dimensionalo polo que significa de apoio educativo, fundamentalmente no ámbito rural, por iso entendemos que habería que recoller os postos eliminados. Na proposta que se nos trae supoñemos que se fai de acordo ao cadro de persoal que hai neste momento, e desde a CIG reclamamos que se deben recuperar os postos que houbo no seu día.



Confederación Intersindical Galega

**ENSINO**

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

3. **Convenio con ASPAS: centro de Montealegre**, queremos que se nos explique por que se chega a este convenio cando a Consellaría de Traballo tamén ten profesionais no campo educativo e por que nese centro e non noutros.
4. **Convenio coa Consellaría de Sanidade**: tal e como están recollidos os requisitos parece unha praza pensada para unha persoa, porque quen ten competencia como asesor? Isto o que fai é privilexiar á xente que xa traballou aí e non ten sentido que se pida o de asesor. Que se suprima ese requisito.
6. **Escolas Viaxeiras**, non deixa de ser curioso que esa praza se oferte en Lugo, cal é a razón, sendo un convenio co Ministerio e para toda Galiza? Por que esta praza non establece requisitos? Por que non é así no resto?
8. Que é exactamente a praza do **IES Sardiñeira por convenio con Repsol**? Estamos ante un módulo regulamentado hoxe e que poderá impartir todo o profesorado do módulo e do ciclo.

*A Consellaría responde que están sacando as prazas vacantes, por tanto non hai ningún incremento. Os convenios fanse para atender alumnado, por exemplo nos hospitais. No IES da Sardiñeira non é que lle poñan un profesor a REPSOL, senón que ese IES ten unha atención especial ao alumnado por parte de REPSOL. En canto ás escolas viaxeiras é así porque a praza sempre se ofertou en Lugo. Farán unha revisión dos requisitos para eliminar os que non estean xustificadas. Van retirar as publicacións e a entrevista. A CIG-Ensino manifesta que é positivo que se retire o da entrevista, que vimos demandando permanentemente canto ás publicacións o que hai que facer é analizalas con rigor, pois é pouco defendíbel que se teña en conta a formación, as titulacións, e non se teñan en conta as publicacións. Ante isto a Consellaría manifestou que se realizará unha reunión para analizar a valoración das publicacións nos distintos concursos.*

Confederación Intersindical Galega

**ENSINO**

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

**PARA MÁIS INFORMACIÓN: [www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)**